



BASES DO PROCESO SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR PARTICIPANTE NO OBRADOIRO DE EMPREGO MOAÑA LABORA HOSTALARÍA

Primeira.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección do alumnado traballador participante no obradoiro de emprego Moaña Labora Hostalaría. O proxecto está promovido polo Patronato Municipal Beiramar, organismo autónomo de formación e emprego do concello de Moaña, e subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. O proceso selectivo desenvolverase de conformidade co previsto nos artigos 10 e 11 da Orde do 7 de febreiro de 2024, reguladora das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 38 do 22.02.2024).

As prazas de alumnado traballador que se convocan son:

10-prazas para a especialidade de **cociña**

Esta especialidade inclúe dous certificados de profesionalidade:

- Operacións básicas de cocina HOTR0108- Nivel 1
- Cocina HOTR0408- Nivel 2

10-prazas para a especialidade de **servizos de restaurante e bar**

Esta especialidade inclúe tres certificados de profesionalidade:

- Operacións básicas de restaurante e bar HOTR0208- Nivel 1
- Servizos de Restaurante HOTR0608- Nivel 2
- Servizos de bar e cafetería HOTR0508- Nivel 2

O alumnado traballador que resulte seleccionado terá as seguintes **obrigas**:

- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- Respetar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados ou unipersoais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.
- Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.



Segunda .- PUBLICIDADE

As bases reguladoras deste proceso selectivo así como as listaxes de resultados relativas ao mesmo serán publicadas na sede electrónica do Concello de Moaña (<https://concellodemoana.sedelectronica.gal>), nos taboleiros do Concello de Moaña e do Patronato Municipal Beiramar e no taboleiro da oficina de emprego de Cangas.

Terceira.- RELACIÓN XURÍDICA DO ALUMNADO TRABALLADOR PARTICIPANTE CO PATRONATO MUNICIPAL BEIRAMAR

Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, o alumnado traballador seleccionado será contratado pola entidade promotora na modalidade de contrato para a formación.

Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderán exceder a data de remate do obradoiro de emprego. O proxecto terá unha duración de 9 meses.

O alumnado traballador participante percibirá un salario de 1.323,00 euros brutos ao mes.

Cuarta.-REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

a) REQUISITOS XERAIS:

1. Ter nacionalidade española. As persoas nacionais dos demais Estados membros da U.E. e as persoas estranxeiras residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia e o cumprimento das condicións establecidas para tódalas persoas aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
2. Ser persoa desempregada e inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, con 18 anos cumpridos e sen exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
3. Ser persoa remitida como candidata para o posto de traballo de alumno/a traballador/a deste obradoiro de emprego pola oficina de emprego de Cangas.
3. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se opta e non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto. Posuír a capacidade para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.



4. Non ser persoa separada, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse a persoa inhabilitada para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen as disposicións vixentes.
5. Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores

b) CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO PROCESO SELECTIVO:

1. Incumprir os requisitos mínimos
2. Falta de documentación acreditativa.
3. Falsear os datos da solicitude (cuestionario).
4. A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.
5. Posuír xa a formación a impartir no obradoiro de emprego, total ou parcialmente.

Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

So serán admitidas ao proceso de selección de alumnado as persoas candidatas remitidas polo Servizo Galego de Colocación, de acordo co establecido pola normativa reguladora de obradoiros duais de emprego. A estes efectos o Patronato Municipal Beiramar tramitará a correspondente OFERTA DE EMPREGO ante a oficina de emprego de Cangas.

ÁMBITO XEOGRÁFICO: Concello de Moaña. De non atoparse candidatos suficientes (tres por posto), ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes do ámbito da oficina de emprego de Cangas, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

NÚMERO DE CANDIDATOS A REMITIR: 3 por posto, cun nivel profesional de PEÓN, AXUDANTE OU OFICIAL DE 3ª.

Terán **prioridade** de incorporación ao programa **as mulleres vítimas de violencia doméstica**, incorporadas e beneficiarias **do programa de fomento de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia**, debidamente xustificada (Orde do 2 de maio de 2006-DOG do 10 de maio de 2006).



Realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará aos candidatos a data e lugar no que deberán comparecer para realizar a SOLICITUDE que se publica como ANEXO I, e a achega **imprescindible** dos seguintes **documentos**:

- Fotocopia do DNI actualizado.
- Vida Laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral).
- Acreditación da maior titulación académica adquirida ou, se é o caso, acreditación das competencias clave adquiridas .
- Se é o caso, acreditación da condición de vítima de violencia de xénero.
- Se é o caso, acreditación do grao e tipo de discapacidade.
- Se é o caso, acreditación de IPI (itinerario personalizado de inserción).
- Se é o caso, acreditación da situación de risco de exclusión social.

As SOLICITUDES realizaranse o día indicado, tendo que presentar nese momento imprescindiblemente a documentación necesaria para acreditar os requisitos, sendo motivo de exclusión a falta de dita documentación.

Sexta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

Serán admitidas ao proceso selectivo as persoas candidatas, enviadas pola oficina de emprego, que realicen a solicitude e cumpran cos requisitos establecidos nestas bases reguladoras do proceso de selección.

O sistema de selección constará de dúas fases unha primeira fase de entrevista persoal e unha segunda fase de valoración das circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas.

Terán **prioridade absoluta** no proceso de selección **as mulleres vítimas de violencia doméstica**, incorporadas e beneficiarias **do programa de fomento de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia**, debidamente xustificada (Orde do 2 de maio de 2006-DOG do 10 de maio de 2006). No caso das mulleres vítimas de violencia non incorporadas ao programa pero que contén con informe dos servizos sociais, valorarase esta circunstancia na fase de entrevista persoal.

Na **primeira fase de entrevista persoal**, avaliarase o interese das persoas aspirantes en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.



Valorarase tamén a non participación noutros programas mixtos de formación e emprego.

A entrevista valorarase entre 0 e 4 puntos que suporán un **40% da puntuación final**.

Unha vez realizadas as entrevistas publicaranse as puntuacións acadadas nesta fase por cada unha das persoas aspirantes.

Na segunda fase de valoración das circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas, utilizarase o baremo publicado como ANEXO II a estas bases. So se valorarán as circunstancias das persoas presentadas a entrevista e que permanezan no proceso de selección. A valoración de circunstancias persoais e profesionais valorarase entre 0 e 6 puntos. A valoración de circunstancias suporá un **60% da puntuación final**.

Unha vez rematada esta segunda fase publicaranse os resultados coa valoración acadada por cada persoa candidata.

Mediante as dúas fases as persoas aspirantes poderán acadar un máximo de 10 puntos na puntuación final.

Rematado o proceso selectivo o tribunal cualificador procederá á publicación dos resultados provisionais onde deberán constar; a puntuación acadada na fase de entrevista, a puntuación acadada na valoración de circunstancias persoais e profesionais e a suma de ambas, a puntuación total. Deberá constar tamén o prazo concedido para realizar alegacións a estes resultados provisionais.

Transcorrido o prazo de alegacións e tras a valoración destas, o tribunal publicará os resultados definitivos do proceso selectivo, coa relación das 20 persoas seleccionadas para participar no obradoiro de emprego indicando a especialidade formativa á que están adscritas e tamén coa relación de suplentes. Na listaxe de resultados definitivos as persoas candidatas figurarán como (titular da especialidade/ suplente / non seleccionado/ non presentado).

Sétima.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Os criterios para dirimir os empates, no proceso de selección dos participantes no proxecto formativo como alumnos-traballadores, serán:

1. Non ter participado con anterioridade nun obradoiro de emprego.
2. Ter maior idade.
3. Ter o menor nivel académico.
4. Ter a menor experiencia laboral.



Oitava.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS E LISTAXE DE RESERVAS.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará ao órgano competente a proposta de contratación das 20 persoas aspirantes que obteñan a maior puntuación para cada un dos postos de traballo, quen resolverá sobre a contratación e formalización dos contratos de formación de conformidade coa normativa aplicable.

As persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases da selección, non resulten seleccionadas para a súa contratación, pasarán a formar parte dunha listaxe de reservas pola súa orde de puntuación. Esta listaxe poderá empregarse para cubrir as posibles baixas definitivas das persoas inicialmente seleccionadas e contratadas.

Novena.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

A composición do tribunal cualificador axustarase en todo caso ao establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e na demais lexislación de aplicación aos procesos de selección de persoal na administración local.

Titulares

Presidenta: María Torea Priegue. Técnica de desenvolvemento local

Secretaria: Carmen Pérez García. Orientadora laboral.

Vogais: Patricia Lores Rivera. Avogada do CIM
Marta Santomé Santiago. Educadora familiar
Susana García Gomez. Traballadora social

Suplentes:

Presidenta: Paula Soto Viñas. Técnica de normalización lingüística

Secretaria: M^a Carmen Chapela González. Psicóloga do CIM

Vogais: Juana María Rosales Muñoz Técnica de recursos humanos
Mar Soage Bernardez. Traballadora Social.
Sara Rivas Martínez. Directora da ludoteca municipal.

Décima.- PRAZOS.

Presentación de solicitudes: Día 5 de novembro

Publicación provisional de persoas admitidas e excluídas: Día 5 de novembro.

Alegacións á listaxe de persoas admitidas e excluídas: Día 6 de novembro

Publicación definitiva de persoas admitidas e excluídas: Día 7 de novembro.

Entrevistas persoais: Día 11 de novembro.

Publicación dos resultados das entrevistas: Día 12 de novembro.



Concello de Moaña

Publicación da valoración de méritos; Día 13 de novembro

Publicación dos resultados provisionais: Día 13 de novembro

Alegacións aos resultados provisionais: día 14 de novembro.

Publicación dos Resultados definitivos: 15 de novembro.

Décimo primeira.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a Orde do 7 de febreiro de 2024, da Consellería de Emprego, reguladora das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, as Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego da Dirección Xeral de Formación e Colocación para o emprego de data 15.07.2024, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Legislativo 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional.

DISPOSICIÓN FINAL

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Administración local tamén poderá, se é o caso, revisar as resolucións do Tribunal segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

As presentes bases de selección foron aprobadas mediante decreto Núm. 2024-0086 de data 23/10/2024.



Concello de Moaña

ANEXO I. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO EMPREGO MOAÑA LABORA HOSTALARÍA

Apelidos _____ Nome _____

DNI _____ Data nacemento _____ idade _____ Teléfono _____

Enderezo _____ Nº _____ Piso _____ Concello _____ C.P. _____

-FORMACIÓN ACADÉMICA. Indica a titulación que posúes na actualidade:

- Certificado de estudos primarios - Graduado escolar.....- ESO sen aprobar.....
- Graduado en ESO..... - FP1 ou Ciclo medio de.....
- BUP.....COU Bacharelato
- FP2 ou Ciclo superior de
- Proba Acceso: -CM - CS..... - Proba de Acceso universidade para maiores de 25 anos.....
- Diplomado- Licenciado.....- Grao.....

Realiza estudos na actualidade ? Cáles ?.....

- COMPETENCIAS CLAVE establecidas para os Certificados de Profesionalidade?

- Competencia Matemática.....Nivel 2.....Nivel 3.....
- Comunicación en Lingua Castelá..... Nivel 2.....Nivel 3.....
- Comunicación en Lingua Galega..... Nivel 2.....Nivel 3.....
- Comunicación en Lingua Estranxeira (Inglés)..... Nivel 2.....Nivel 3.....

NIVEL DE LINGUA GALEGA: Celga 2, Celga Celga Inic Perfe

-CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL REALIZADOS (Inem, Xunta Galicia).

- Centro.....Curso.....Duración.....meses, ano
- Centro..... Curso.....Duración.....meses, ano

-Foi ALUMNO dalgunha Escola Obradoiro, Casa de Oficios ou Obradoiro de Emprego?

- NO
- SI: Escola ou obradoiro Centro

-ASINOU ALGÚN CONTRATO DE APRENDIZAXE-FORMACIÓN?

-POSÚE VOSTEDE ALGUNHA DISCAPACIDADE?..... INDIQUEA (En caso afirmativo, terá que acreditarlo),.....

- COBRA ALGUNHA PRESTACIÓN OU SUBSIDIO POR DESEMPREGO OU AXUDA ECONÓMICA (RAI, RISGA...) ¿CAL?

-PERTENCE ALGÚN COLECTIVO DESFAVORECIDO OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL? (En caso afirmativo, terá que acreditarlo)



Concello de Moaña

-TEN PLANIFICADO ALGÚN ITINERARIO PROFESIONAL DE INSERCIÓN?

En caso afirmativo, ¿Está prevista a realización dun obradoiro de emprego no seu itinerario?..... Especialidade?.....

-EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacione os distintos traballos realizados:

.....
.....
.....

- ¿DE QUE BUSCA VOSTEDE TRABALLO?

.....

- ¿QUE FIXO PARA BUSCAR TRABALLO NO ÚLTIMO MES?

.....

-¿POR QUE LLE INTERESA PARTICIPAR NESTE PROXECTO E COMO CREE QUE PODE MELLORAR O PROXECTO A SÚA PROCURA DE EMPREGO?

.....
.....
.....

- ¿QUE ESPECIALIDADE FORMATIVA LLE INTERESA E POR QUE?

.....
.....

-¿TEN RELACIÓN COA SÚA FORMACIÓN OU COA SÚA EXPERIENCIA?

.....
.....

-¿QUE ESPERA OBTER COA SÚA PARTICIPACIÓN NESTE OBRADOIRO DE EMPREGO?

.....
.....

-¿POSÚE VOSTEDE ALGÚN PROBLEMA QUE LLE IMPIDA DESENVOLVER O TRABALLO CON NORMALIDADE OU CUMPRIR O HORARIO?

.....

Declaro baixo a miña responsabilidade que tódolos datos anteriores son certos.

Moaña, de de 2024 Sinatura



Concello de Moaña

ANEXO II

BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO MOAÑA LABORA HOSTALARÍA

CRITERIOS		PUNTOS
Non ter participado noutro proxecto de Obradoiro dual ou programa mixto de emprego e formación nas últimas cinco convocatorias.		1,50
Discapacidade igual ou superior ao 33% sempre que se poida desenvolver o traballo		0,50
Por ter a condición de muller		0,50
Idade	De 18 ata 29 anos	0,50
	De 30 ata 44 anos	0
	45 ou mais anos	0,50
Tempo de desemprego desde o último traballo (segundo vida laboral actualizada Se non hai anotacións en vida laboral, a referencia será a data de inscrición como demandante)	Menos de 12 meses	0
	Mais de 12 meses	0,50
	Mais de 18 meses	1,00
Ter incluído nun Itinerario Personalizado de Inserción (IPI) a demanda dalgún dos seguintes programas	Escolas taller, casas de oficios, obradoiro de emprego ou outros programas de emprego de formación dual.	1,00
	Formación en obradoiros de emprego ou formación ocupacional nas familias profesionais da hostalaría	1,50
Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social	Factores ponderados polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa que condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. Con informe de servizos sociais.	0,50

PUNTUACIÓN TOTAL (MÁXIMO 6 PUNTOS)

De non aportar documentación acreditativa non será valorado o apartado correspondente